

MAIL RESUMO DA REUNIÓN ACERCA DO CONCURSO DE MÉRITOS

Prezada afiliación,

O xoves, 20 de abril, fomos convocados en Compostela a unha **reunión** co Subdirector Xeral de Recursos Humanos (José Luís Canosa Baldomir), técnicos da administración e outras organizacións sindicais **para informarnos sobre o concurso de méritos**.

Desta reunión compartimos con vós os puntos máis relevantes:

- A **mediados ou finais da semana vindeira** semana publicaranse as **puntuacións provisionais** de dito proceso.
- A partires de aquí abrírase un **prazo de reclamacións** no que non se poderán alegar novos méritos e no que non se poderá en ningún caso superar o autobaremo presentado.
- As datas **de finalización e adxudicación do concurso de méritos aínda non están totalmente definidas**. Dinon que a Xunta avoga por unha data de adxudicación que coincida co concurso unificado das 13 Comunidades Autónomas convocado polo Ministerio, pero non nos aseguran que vaia existir un prazo común de renuncia.

Outros puntos que se abordaron na reunión:

Publicación das puntuacións provisionais:

Farase a vindeira semana por corpo, especialidade e quenda. Publicaranse por orde total decrecente atendendo a puntuación. Na puntuación aparecerán detalladas as epígrafes e subepígrafes. Aínda non decidiron se tamén publicarán as puntuacións do autobaremo.

Reclamacións:

É importante ter claro que no período de reclamación non se poden alegar novos méritos que non foran alegados na solicitude inicial. **Si se poderán xustificar méritos xa alegados e non xustificados inicialmente ou xustificados incorrectamente**. Din que é importante que se aporten novamente os méritos non correctamente baremados aínda que se presentaran antes.

Informa de que a maioría dos problemas que detectaron foron os seguintes:

- xente que non alegou nada en datos persoais pero si a través da instancia.
- xente que alegou méritos en datos persoais pero quedou a instancia aberta e sen presentar a través da sede electrónica.

Informan que estas circunstancias se poderán emendar neste período de reclamación. Tamén de que en moitos casos os afectados verán que dende a mesma Administración pecharon a súa instancia e gravaron os méritos en datos persoais. Escusan neste punto a súa tardanza en publicar as puntuacións provisionais.

Volveron a recalcar en que ningunha persoa pode acadar despois do período de reclamación unha puntuación superior á do autobaremo.

Informan de que é necesario presentar **unha reclamación por cada especialidade** aínda que será suficiente aportar a documentación nunha soa especialidade.

Explican que haberá un documento normalizado para realizar a reclamación e no portal educativo publicaran unhas instrucións de como facelo axeitadamente.

En todo caso, adiantan o procedemento que haberá que seguir:

1. Revisar coidadosamente a baremación
2. Acceder a sede electrónica, autenticarse, localizar o procedemento ED001A nos “últimos expedientes e presentacións” e seleccionar o expediente da especialidade na que queremos reclamar.
3. Ir ao apartado de documentación e descargar a solicitude normalizada: cubrir o corpo e a especialidade /premer en alegacións / cubrir os datos / anexar a documentación/
4. Finalmente, asinar e presentar a reclamación no rexistro electrónico e gardar o recibo de presentación.

En caso de dúbida din que se deberá chamar ao servizo 012 da sede electrónica.

En canto ás epígrafes do baremo:

1.1 Din que atoparon moitos erros neste apartado. Informan dos máis comúns:

- A inclusión de servizos doutro corpo ou especialidade (especialmente no corpo 593)
- A duplicidade de servizos entre 590 e 591
- A inclusión de servizos prestados en centros públicos non dependentes da administración educativa. Aclaran que se existe un nomeamento da Consellería si se contabilizaría aquí o mérito, aínda que o centro non sexa propiamente dependente da mesma, pero cando non

exista nomeamento (un conservatorio municipal por exemplo) non procedería baremar o mérito nesta epígrafe senón que debe incluírse no 1.4.

- A baremación de méritos máis alá do 28 outubro de 2022
- Os servizos en conservatorios superiores de música e arte escénicas en réxime de comisión de servizos serán baremados na epígrafe 1.3
- Os servizos do corpo de catedráticos de conservatorios superiores de música anulados por sentenza posterior decidiron que foran baremados. A súa postura é que malia que foran anulados, os servizos foron prestados previamente. Os servizos do persoal interino en conservatorios superiores de música con nomeamento de catedrático incluíranse no 1.1 ou no 1.2 en función da especialidade, e no caso de non ter o nomeamento no epígrafe 1.3
- No caso de mestras con nomeamento en orientación procederon do seguinte xeito: se optan á especialidade da lista de procedencia, dende o momento que se consolidaron na lista puntúan no 1.1, mentres que no período previo á consolidación nesa lista puntúan no 1.2, ou no 1.3 se se presentaran a outro corpo ou especialidade.
- No corpo a extinguir de Profesorado Técnico de FP nunha das 19 especialidades que pasa a Profesorado de Ensino Secundario puntuaralle no epígrafe 1.1 se se trata da mesma especialidade, e no 1.3 dunha especialidade distinta (RD 270/2022)
- O criterio anterior tamén rexe para as 10 especialidades do novo corpo de Profesorado especialistas en sectores singulares.

2.1 Nesta epígrafe de nota media comentan que tamén observaron erros. O máis común din que foi a non inclusión da certificación ou a inclusión dunha certificación académica que non se axusta á normativa establecida na convocatoria. A certificación debe facer constar a normativa de aplicación e axustarse ao RD 1125/2003 non ao anterior que non sería válido. Para emendar o erro terán que solicitar unha nova certificación académica á maior brevidade, coidando non presentar novamente unha certificación académica non válida, xa que non poderá emendarse de novo.

Segundo explican tamén houbo erros por alegar a nota media dunha titulación no caso de existir unha formación superior (neste caso hai que alegar a nota da titulación superior). Tampouco teñen en conta a nota media dunha titulación que non permitise o acceso á especialidade presentada.

2.2.1 Din que neste punto só se barema unha titulación, polo tanto non se pode superar 1 punto. E recordan que non se pode alegar como mestrado oficial un título propio (este barémase no 3.2)

2.2.3 Só bareman o premio extraordinario en doutoramento. Non o premio extraordinario de licenciatura

2.3 Neste punto aclaran que no acceso aos corpos 596 6 598 cando se presenta unha licenciatura, os 3 primeiros anos desta serán requisito de acceso e baremaranse con 1 punto no 2.3.2.

En canto á Diplomatura de Maxisterio e o Grao en Educación infantil ou primaria, ambas son consideradas titulacións diferentes, polo que a titulación de grao a maiores será baremada como unha titulación de segundo ciclo.

Non baremaron os diplomas profesionais

Din que cando non apareza baremado o 1º ciclo dunha titulación, a persoa deberá aportar unha acreditación de estudos para que se poida verificar que se trata dunha titulación diferente á de 2º ciclo.

2.4.a Neste punto aclaran que unha profesora de conservatorio de música ou danza polo plan de estudos do 66 non se baremará neste apartado porque é un requisito. Se fose dun plan posterior (LOGSE ou LOE), ao non ser requisito, si que se baremará neste apartado.

2.4.b Din que os B2 dos plans extinguidos non se baremarán. Só se consideran certificados de nivel avanzado o C1 e o C2. Tampouco barema un C1 de Lingua Galega por ser requisito, pero si se valora o C2.

2.4.c Aclaran que non bareman titulacións equivalentes (FP2 e FP Grao superior). Porén, hai xente á que se lle vai valorar un título de Técnico superior ou de Técnico especialista se ingresou co título de Bacharelato.

2.4.e Informan de que non valoraron os títulos de adestradores xa que non son técnicos deportivos superiores.

2.5 Comentan que unha mesma lingua e nivel non se pode valorar aquí e no 2.4.b.

3.1 Recordan que non se valoran as certificacións de procesos selectivos de acceso á especialidade a que se opta superados antes do 2012 ou os procesos selectivos diferentes á especialidade á se opta.

3.2 Aclararon que se valoran cursos, seminarios, grupos de traballo, congresos, pero non xornadas, obradoiros... Deben estar homologados por Universidades o Administracións Educativas. Tamén é requisito que estean relacionados coa especialidade á que se opta, din que están facendo unha interpretación ampla da formación transversal, pero que non todo lles vale.

Recordan que os cursos superiores a 20 horas pero inferiores a 30 poden agruparse de 2 en 2, pero non se teñen en conta actividades de menos de 20 horas.

Período de Renuncia:

O concurso conxunto das 13 Comunidades convocado polo Ministerio ten como data prevista de adxudicación a principios de xuño. Informan de que a Xunta tamén ten previsto adxudicar nestas datas, pero din que non poden asegurar nin unha data de adxudicación conxunta, e tampouco un prazo común de renuncia.

Comentan que a Xunta entende que o RD 276/2007 (que impide nomear como funcionaria a unha persoa xa nomeada noutra comunidade) non é aplicábel neste caso, xa que a persoa non tiña dita condición cando efectuou a solicitude de participación no procedemento selectivo. Porén, esta cuestión non está resolta definitivamente e queda por reunirse a Comisión de Persoal do Ministerio para aclarar este punto.

Agardamos que esta información sexa do voso interese. Non dubidedes en contactar con nos para calquera dúbida ou aclaración.

Recibide un cordial saúdo,

STEG

STEG